

Tardes Gándara: a semana

Comedor de 14:00 a 15:00, actividades desde as 15:00 e **ludoteca incluída co comedor ata as 17:00** (os venres ata as 16:00). As actividades **empezan en outubro** e arrancan ao chegar ao seu mínimo de prazas, con inscrición por trimestres. Para as persoas adultas, ioga con Sandra os luns e **Pilates Gándara con Elena** todas as tardes, desde o 8 de setembro. Nas páxinas seguintes, cada actividade explicada unha a unha.

Infantil · 3-6 Ciclo 1 · 6-9 Ciclo 2 · 9-12 Todas as idades Persoas adultas Comedor e ludoteca, con Paula

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
14:00 Comedor	Comedor · Paula 195 · 125 · 90 €/mes · solto 15 €	Comedor · Paula 195 · 125 · 90 €/mes · solto 15 €	Comedor · Paula 195 · 125 · 90 €/mes · solto 15 €	Comedor · Paula 195 · 125 · 90 €/mes · solto 15 €	Comedor · Paula 195 · 125 · 90 €/mes · solto 15 €
15:00 Ludoteca e actividades	15:00-16:00 Ciencia divertida e robótica Primaria 6-12 · David 40 €/mes · mín. 8	Ludoteca Xogo libre con Paula Incluída co comedor	15:00-15:45 English Infantil Infantil 3-6 · Patri 40 €/mes · mín. 6	15:00-15:45 Pandeireta e ritmos galegos Todas as idades · Patri 35 €/mes · mín. 6	Ludoteca Os venres, xogo libre con Paula ata as 16:00 Incluída co comedor
	15:00-15:45 Conversation Club Ciclo 2 · 9-12 · Sandra 40 €/mes · mín. 8		15:00-16:00 English C1 Ciclo 1 · 6-9 · Carmen 40 €/mes · mín. 6	15:00-16:00 Escrita creativa Primaria 6-12 · Carmen 35 €/mes · mín. 6	
	15:45-16:30 loga Iyengar Persoas adultas · Sandra 35 €/mes · mín. 8		15:00-15:45 Tai-chi Todas as idades · Iago 35 €/mes · mín. 6		
16:00 Ludoteca e actividades	16:00-17:00 Baile · 3-6 anos Infantil 3-6 · Pau 40 €/mes · mín. 8	16:00-17:30 La Paleta · obradoiro de pintura Desde 4 anos · La Paleta Prezo do obradoiro · mín. 4 (máx. 8)	16:00-17:00 STEAM-ICT en inglés EN PREPARACIÓN Primaria 6-12 · Dani En preparación	16:00-17:00 Xadrez EN PREPARACIÓN Primaria 6-12 · Asociación Xabai En preparación	16:00-22:00 · grupos de 1 hora Pilates Gándara · Elena Desde 50 €/mes · individual, dúo ou grupal
17:00 Recollida · pilates ata as 22:00	17:00-18:00 Baile · 6-12 anos Primaria 6-12 · Pau 40 €/mes · mín. 8	17:00-22:00 · grupos de 1 hora Pilates Gándara · Elena Desde 50 €/mes · individual, dúo ou grupal	17:00-22:00 · grupos de 1 hora Pilates Gándara · Elena Desde 50 €/mes · individual, dúo ou grupal	17:00-22:00 · grupos de 1 hora Pilates Gándara · Elena Desde 50 €/mes · individual, dúo ou grupal	Pilates, ata as 22:00
	17:00-22:00 · grupos de 1 hora Pilates Gándara · Elena Desde 50 €/mes · individual, dúo ou grupal				

Recollida ás 17:00: quen remata a súa actividade pasa á ludoteca. Dúas tardes longas: o baile de 6-12 remata ás **18:00** os luns e La Paleta ás **17:30** os martes. Os venres a ludoteca pecha ás 16:00. STEAM-ICT e xadrez están en preparación: se vos interesan, dicídenlo e avisámosvos en canto estean pechados.

As actividades, unha a unha

Unha tarde á semana, en grupo pequeno e coas persoas que xa coñecen as vosas fillas e fillos. Todas empezan en outubro ao chegar ao seu mínimo de prazas. Cada unha ten o seu prezo mensual; a segunda actividade custa 5 € menos e as irmás e irmáns, un 20 % menos.

CON DAVID

Ciencia divertida e robótica

Luns · 15:00-16:00 · Primaria 6-12

Experimentos que sorprenden, robots que cobran vida e preguntas das boas. Cada semana, un reto para as mans e a cabeza: hipótese, proba, erro e descubrimento. Para quen non para de preguntar por que.

40 €/mes · mínimo 8

CON SANDRA

Conversation Club

Luns · 15:00-15:45 · Ciclo 2 · 9-12

Falar inglés de verdade e sen libro: xogos, debates e situacións reais en grupo pequeno, para soltarse e gañar confianza. Só para Ciclo 2, que é onde máis se nota o salto.

40 €/mes · mínimo 8

CON PAU

Baile

Luns · 16:00-17:00 (3-6 anos) e 17:00-18:00 (6-12 anos)

Coreografías, musicalidade, coordinación e expresión, adaptadas a cada idade. Dous grupos, un de 3 a 6 anos e outro de 6 a 12, e dúas actuacións para as familias: unha no Nadal e outra a final de curso.

40 €/mes · mínimo 8 por grupo

CON LA PALETA

La Paleta · obradoiro de pintura

Martes · 16:00-17:30 · Desde 4 anos

Pintura e técnica con artistas de verdade, na tarde longa do martes. Para quen goza manchando as mans de cor e volvendo á casa con obra propia. Grupos pequenos, de 4 a 8.

Prezo do obradoiro · mínimo 4 (máx. 8)

CON PATRI

English Infantil

Mércores · 15:00-15:45 · Infantil 3-6

Inglés desde os 3 anos como mellor se aprende: xogando. Cancións, contos e centros de interese en grupo pequeno, coa naturalidade dun cole internacional e con Patri, a quen xa coñecen.

40 €/mes · mínimo 6

CON CARMEN

English C1

Mércores · 15:00-16:00 · Ciclo 1 · 6-9

Xogo, conversa e un primeiro contacto con Cambridge Young Learners (Starters e Movers) sen presión: primeiro a confianza, despois o exame, se apetece. Con Carmen, acompañante do Ciclo 1.

40 €/mes · mínimo 6

CON IAGO

Tai-chi

Mércores · 15:00-15:45 · Todas as idades

Moverse a modo para escoitarse: equilibrio, respiración e atención, con xogo. Un anaco de calma no medio da tarde, para nenas e nenos de todas as idades, con Iago.

35 €/mes · mínimo 6

CON DANI

STEAM-ICT en inglés

EN PREPARACIÓN

Mércores · 16:00-17:00 · Primaria 6-12

Programación, deseño dixital e tecnoloxía, en inglés e por proxectos: crear cousas que funcionan mentres se practica o idioma. En preparación: dicídenos se vos interesa e avisámosvos en canto estea pechado.

En preparación

CON PATRI

Pandeireta e ritmos galegos

Xoves · 15:00-15:45 · Todas as idades

Iniciación á pandeireta, cancións populares e un paseo pola cultura galega. Idades mixtas desde Infantil, para quen teña ganas de tocar e cantar. As pandeiretas de proba ponas o cole.

35 €/mes · mínimo 6

CON CARMEN

Escrita creativa

Xoves · 15:00-16:00 · Primaria 6-12

Inventar mundos e poñelos por escrito: contos, cómics, poemas e xogos de palabras. Escribir por gusto, ler en voz alta e publicar no cole. Para quen ten historias dentro.

35 €/mes · mínimo 6

CON ASOCIACIÓN XABAI

Xadrez

EN PREPARACIÓN

Xoves · 16:00-17:00 · Primaria 6-12

Concentración, estratexia e deportividade coa Asociación Xabai. Do primeiro xaque aos primeiros torneos, cada quen ao seu ritmo. En preparación: dicídenos se vos interesa.

En preparación

Para as persoas adultas

CON SANDRA · LUNS 15:45-16:30

Ioga Iyengar

Grupo de 8 a 12 persoas · 45 minutos

Un anaco para ti mentres a tarde segue o seu curso: precisión, aliñación e calma en grupo pequeno. Para empezar desde cero ou para afinar a práctica. Aberto ás familias do cole e a quen queira vir de fóra.

35 € ao mes · mínimo 8 persoas

Pilates Gándara con Elena. A sala abre **de luns a xoves de 17:00 a 22:00 e os venres de 16:00 a 22:00**, en clases dunha hora. A cota é mensual, con **unha ou dúas clases á semana** sempre á mesma hora. **Arranca o martes 8 de setembro**, sen compromiso trimestral: podédesvos apuntar en calquera momento do curso. Aberto ás familias do cole e a todo o pobo.



INDIVIDUAL · UNHA PERSOA

200 € por persoa ao mes

Unha clase á semana · 50 € a clase
360 €/mes con dúas clases á semana
Clase solta: 60 €



DÚO · DÚAS PERSOAS

120 € por persoa ao mes

Unha clase á semana · 30 € a clase



CLASE GRUPAL · ATA 6 PERSOAS

50 € por persoa ao mes

Unha clase á semana
90 €/mes con dúas clases á semana

Os grupos fórmanse segundo a demanda: dicídenos a vosa hora preferida e con quen queredes vir, e montamos o grupo en canto hai xente abonda.

O que hai que saber

ACTIVIDADES PARA AS CRIATURAS

35 ou 40 € ao mes

Unha tarde á semana. Segunda actividade, 5 € menos. Irmás e irmáns, 20 % menos.

MÍNIMOS

6 ou 8 prazas

Cada actividade arranca ao chegar ao seu mínimo. Se non chega, avisámosvos antes de empezar e non se cobra. Ao pasar de 12, desdóbrase.

INSCRICIÓN

Por trimestres

A praza resérvase e págase polo trimestre completo. As actividades empezan en outubro. Aberto tamén a nenas e nenos doutros coles.

COMEDOR E LUDOTECA

14:00 a 17:00

Comedor 195, 125 ou 90 € ao mes segundo os días, con ludoteca incluída. Venres ata as 16:00.

PERSOAS ADULTAS

Ioga e pilates

Ioga Iyengar con Sandra os luns ás 15:45 (35 € ao mes). Pilates Gándara con Elena desde o 8 de setembro, con cota mensual e sen compromiso trimestral.

Como apuntarse

- **Respondédenos a este correo antes do venres 25 de setembro** co nome da vosa filla ou fillo e as actividades que queredes. Se lle gustaría ir con alguén en concreto, dicídenolo: axuda a formar os grupos.
- **As actividades empezan en outubro.** Confirmarémolosvos o día de cada unha en canto pechemos os grupos.
- Para **ioga e pilates**, dicídenos modalidade e hora preferida. O pilates arranca o 8 de setembro e podédesvos apuntar cando queirades, mes a mes.
- Se unha actividade non chega ao seu mínimo, dirémovolo antes de empezar e non se cobra nada. A que se enche desdóbrase.

Todas as actividades

ACTIVIDADE	PARA QUEN	CANDO	CON QUEN	MÍNIMO	PREZO
Ciencia divertida e robótica	● ● Primaria 6-12	Luns · 15:00-16:00	David	8	40 €/mes
Conversation Club	● Ciclo 2 · 9-12	Luns · 15:00-15:45	Sandra	8	40 €/mes
Ioga Iyengar	● Persoas adultas	Luns · 15:45-16:30	Sandra	8	35 €/mes
Baile · 3-6 anos	● Infantil 3-6	Luns · 16:00-17:00	Pau	8	40 €/mes
Baile · 6-12 anos	● ● Primaria 6-12	Luns · 17:00-18:00	Pau	8	40 €/mes
La Paleta · obradoiro de pintura	● Desde 4 anos	Martes · 16:00-17:30	La Paleta	4 (máx. 8)	Prezo do obradoiro
English Infantil	● Infantil 3-6	Mércores · 15:00-15:45	Patri	6	40 €/mes
English C1	● Ciclo 1 · 6-9	Mércores · 15:00-16:00	Carmen	6	40 €/mes
Tai-chi	● Todas as idades	Mércores · 15:00-15:45	Iago	6	35 €/mes
STEAM-ICT en inglés EN PREPARACIÓN	● ● Primaria 6-12	Mércores · 16:00-17:00	Dani	por confirmar	En preparación
Pandeireta e ritmos galegos	● Todas as idades	Xoves · 15:00-15:45	Patri	6	35 €/mes
Escrita creativa	● ● Primaria 6-12	Xoves · 15:00-16:00	Carmen	6	35 €/mes
Xadrez EN PREPARACIÓN	● ● Primaria 6-12	Xoves · 16:00-17:00	Asociación Xabai	por confirmar	En preparación
Pilates Gándara	● Persoas adultas	Todos os días · L-X 17:00-22:00 · V 16:00-22:00	Elena	grupal ata 6	Grupal 50 €/mes (90 € dous días) · dúo 120 € · individual 200 €

Correde a voz

As actividades están abertas a nenas e nenos doutros coles, e o pilates a todo o pobo. Se tedes amizades ás que lles poida interesar, pasádelles este documento.

Se algo non vos cadra ou tedes dúbidas, escribídenos ou parádenos na porta. Preferimos falalo.

Vémonos polas tardes.
O equipo de Gándara

Gándara International School · Rúa Moreira, 1 · Gondomar (Pontevedra) · 986 369 778 · info@gandaraschool.com